

## I.8. Galicia

(Segon semestre de 2007)

Alba Nogueira López\*

### Introducción

O segundo semestre de 2007 non destaca pola produción normativa existente en materia lingüística. Probablemente o dato máis destacable é o conxunto de recursos xudiciais cos que se pretendeu paralizar a aplicación do novo decreto regulador do uso do galego no ensino, Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo<sup>1</sup>.

As leis tramitadas neste período de sesións parlamentares son poucas e apenas se atopa unha pequena previsión lingüística nunha lei de creación dun colexio profesional polo que ten un alcance moi limitado.

Noutros ámbitos tan só cabe sinalar a continuidade de accións de fomento dirixidas a diversos sectores coa novidade xa sinalada na anterior crónica do condicionamento lingüístico das axudas.

Se deixamos á marxe os cambios que introduciu a Lei 13/2007, do 27 de xuño, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia<sup>2</sup> dos que xa se deu conta na Crónica legislativa do primeiro semestre de 2007, efectivamente a Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (DOG 24.12.07)<sup>3</sup> é a única norma con rango de lei aprobada neste período de sesións do Parlamento de Galicia na que existe unha referencia á lingua.

No seu artigo 4º establécese a regulación en relación co uso do galego das comunicacións:

«Artigo 4º. Do uso do galego nas comunicacións.

O colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións externas e internas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na regulación da normalización lingüística.»

---

\* Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo, Universidade de Santiago de Compostela.

1. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/22B3A?OpenDocument>.

2. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/333AE?OpenDocument>.

3. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/50E4E?OpenDocument>.

Tendo en conta o carácter de corporacións de dereito público dos colexios profesionais e a encomenda de funcións públicas que poden levar a cabo de acordo coa normativa vixente, parece razoable que se estableza, cando menos, unha previsión de fomento do uso do galego. Esta previsión debería podería ter un alcance maior para aquelas funcións administrativas que teña atribuídas nas que as corporacións de dereito público se sitúan nunha posición de verdadeiras administracións.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, non establecía ningunha previsión xeral ao respecto que deba ser recollida polas leis singulares de creación de colexios profesionais. Non obstante, as leis de creación dalgúns colexios profesionais nos últimos tempos contiñan previsións idénticas ás que se inclúen na norma que nos ocupa. Así a Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia ou a Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia establecen tamén previsións de fomento do uso do galego nas súas relacións colexiais.

O Estatuto do Persoal do Parlamento de Galicia: disposición xeral parlamentar.

O Parlamento de Galicia, en canto poder público da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón de autonomía administrativa que lle permite regular o réxime xurídico do persoal da súa administración. Como expresión desa prerrogativa, que o Estatuto de autonomía para Galicia contempla no seu artigo 12, o Regulamento da Cámara reserva na súa disposición derradeira cuarta a regulación do estatuto do seu persoal.

«Disposición derradeira cuarta

Os dereitos, deberes, situacións, funcións e competencias dos funcionarios ao servizo do Parlamento de Galicia serán determinados polo Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia.»

En aplicación desta disposición a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (DOG de 26 de decembro)<sup>4</sup> que derroga o vixente desde 1984.

Esta norma do Parlamento de Galicia pola que se fixa o estatuto do seu persoal (dereitos e deberes, réxime de acceso e provisión, situacións...) paradoxalmente non contén unha soa referencia ao uso da lingua galega.

4. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/51882?OpenDocument>.

Resulta sorprendente que nin nos procedementos de acceso e provisión aparece como un requisito o coñecemento da lingua galega; nin na avaliación do desempeño se recolle unha referencia semellante á que tan só seis meses antes se introducía na Lei de Función pública de Galicia; nin, tampouco, existe referencia algunha dentro dos deberes dos funcionarios —como sucede no Estatuto básico da función pública estatal.

Esta ausencia faise tanto máis rechamante cando se realiza unha lectura pausada do texto, en tanto que existen numerosas referencias ao longo do texto que incorporan, por exemplo, os dereitos derivados das normas de igualdade de xénero e, mesmo, varias alusións á necesidade de adaptar o desempeño do seu labor ás novas tecnoloxías. A adaptación na clasificación dos postos e grupos, na igualdade de xénero, na regulación do acceso e provisión e noutros aspectos aos cambios producidos na normativa de emprego público estatal e autonómica non ten reflexo, pola contra nas previsións lingüísticas, inexistentes neste texto.

Cambios organizativos: algúns axustes na estrutura orgánica da Secretaría Xeral de Política Lingüística e Consello Asesor do Libro. Os servizos municipais de normalización

O Decreto 145/2007, do 19 de xullo, polo que se modifica o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG de 1 de agosto)<sup>5</sup> introduce modificacións na estrutura orgánica da Presidencia da Xunta que afectan á Secretaría Xeral de Política Lingüística adscrita á esta.

Os cambios introducidos reforzan as funcións de coordinación e planificación da Secretaría Xeral de Política Lingüística con respecto a outros departamentos da Xunta de Galicia no ámbito da súa competencia. Tamén se amplían as súas funcións de proposta normativa podendo non só elaborar propostas lexislativas senón tamén regulamentarias. Igualmente se lle atribúen normativamente as funcións que viña exercendo na definición, organización e certificación dos cursos de coñecemento de galego. Finalmente, pode percibirse un apoderamento desta Secretaría Xeral na proxección exterior do galego tanto nos territorios galego falantes que se atopan fora dos límites autonómicos, como nas institucións internacionais.

---

5. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/2C22E?OpenDocument>.

Este Decreto aproveita ademais para introducir certas modificacións no Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades que ten o rango de servizo desta Secretaría Xeral.

Por outra banda, aprobouse neste periodo o Decreto 178/2007, do 13 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello Asesor do Libro (DOG de 26 de setembro).<sup>6</sup>

O Consello Asesor do Libro é un organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e de asesoramento á Administración autonómica no referente ás políticas relacionadas co sector do libro galego e de fomento da lectura en Galicia. As funcións do Consello Asesor do Libro defínense no artigo 2 do decreto e, entre outras son:

a) Elaborar informes de seguimento anual dos índices de lectura da poboación galega e da produción editorial realizada en Galicia e en lingua galega.

Hai que sinalar, ademais, que entre os vogais do Consello hai un representante do centro directivo competente en materia de política lingüística (art.1.3.2).

En materia organizativa, debe sinalarse que a Orde do 29 de agosto de 2007 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG de 7 de setembro) contén un extenso relatorio de entes locais que son receptores de axudas autonómicas para crear ou manter o servizo municipal de normalización lingüística. A situación de precariedade destes servizos fai que, en moitos casos, esta sexa a única vía de sostemento destes servizos.

As normas regulamentarias con referencias lingüísticas: a educación como eixo vertebrador

Unha vez aprobado o Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, a Consellaría de Educación procedeu a aprobar as normas de desenvolvemento dos currículos de educación necesarios para a aplicación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No ámbito da educación obrigatoria pretendíase que a aprobación sucesiva do Decreto do uso do galego e dos Decretos nos que se establece o currículo para as distintas etapas do ensino permitise dar un marco xurídico acabado á definición das esixencias educativas destas etapas.

6. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/3B17E?OpenDocument>.

Coas concrecións precisas no que afecta ás competencias lingüísticas que deben acadar os estudantes en cada ciclo educativo a Consellaría aproba, en primeiro lugar o Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 9 de xullo).<sup>7</sup> No art. 3 establécese como un dos obxectivos desta etapa:

«Art.3. Obxectivos

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.»

Ademais no Anexo I desenvólvense as competencias básicas que, en relación coas competencias lingüísticas, remata co seguinte parágrafo: «Na Comunidade Autónoma de Galicia, recollendo as normas do Estatuto de autonomía, todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais, o galego, lingua propia de Galicia, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira».

De forma semellante o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 13 de xullo)<sup>8</sup> fixa unhas competencias lingüísticas acordes co nivel educativo no artigo 4:

«Artigo 4. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.»

Completando os cambios normativos experimentados no que se refire á determinación e avaliación de competencias lingüísticas a Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta procedeu a reformar os niveis e procedementos para a certificación oficial de coñecemento da lingua galega.

A Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG de 30 de xullo)<sup>9</sup> pon fin a un prolongado período no que os certificados oficiais tiñan tan só dous niveis —iniciación e perfeccionamento. Esta nova forma de avaliar

7. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/251AE?OpenDocument>.

8. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/25E92?OpenDocument>.

9. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/2AF8E?OpenDocument>.

e certificar os coñecementos faise para converxer co marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación (*Common European Framework for languages: Learning, Teaching, Assessment*).

Nesta Orde refórmase o sistema de recoñecemento da lingua galega e a estes efectos establécense cinco niveis oficiais de coñecemento da lingua galega e os seus correspondentes certificados. A orde establece a regulación da organización e procedemento para realizar estas tarefas de avaliación. Tamén se fixa o cadro de validacións que permite o tránsito do sistema antigo ao novo cadro de certificación. Igualmente se publica nun Anexo adxunto o programa das distintas probas.

Os recursos xudiciais fronte ao Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo

A aprobación do Decreto de uso do galego no sistema educativo trouxo consigo a inmediata interposición dunha serie de recursos xudiciais que pretendon, por unha banda, paralizar a súa aplicación e, por outra, atacar os fundamentos sobre os que se sustenta esta norma.

Os recurrentes, asociacións de defensa do castelán e particulares, utilizaron tanto a vía sumaria de protección dos dereitos fundamentais nun intento de frear a aplicación antes de que comezara o curso 2007-08 como o contencioso ordinario para intentar conseguir os seus fins. Igualmente buscaron o establecemento de medidas cautelares que impediran o despregamento normativo mentras non se resolvía sobre o fondo.

En novembro de 2007 mediante Sentencia 01084/2007 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fallaba nun asunto tramitado pola vía de protección de dereitos fundamentais por unha demanda interposta pola Asociación Gallega para la libertad del idioma (AGLI). A demanda pretendía a anulación dos artigos 2 e 13 do Decreto por entender que violaba o dereito fundamental á igualdade. Os artigos impugnados son os que regulan que o galego será, con carácter xeral, a lingua de comunicación nas relacións administrativo-educativas e, tamén, a lingua que utilizarán os estudantes nas materias impartidas obrigatoriamente en galego.

O TSXG, despois de denegar a medida cautelar de suspensión do Decreto antes do inicio do curso<sup>10</sup>, resolve este asunto facendo alusión á xurisprudencia

---

10. Auto de 7/9/2007, ratificado en súplica por Auto de 19.10.2007.

constitucional establecendo que nin o principio de cooficialidade (art.3 CE), nin o dereito de educación (art. 27CE) amparan a existencia dun pretendido dereito fundamental á elección de lingua de ensino. Por isto non pode entenderse vulnerado ningún dereito fundamental. Ademais a regulación establecida non establece unha lingua “única” vehicular senon unha lingua que debe ser utilizada “con carácter xeral” en cumprimento da lexislación de normalización do uso do galego. Estes fundamentos levan ao TSXG a desestimar as pretensións de AGLI neste asunto.

Tamén pola vía de protección dos dereitos fundamentais un particular, pai dun escolar, recurriu a denegación dunha solicitude de que se lle impartiran as clases exclusivamente en castelán por entender que se violaba o seu dereito á educación. O TSXG dictou sentenza 01098/2007 en novembro. A Sentenza reproduce os argumentos da STS de 4.10.2002 na que se establece *«el artículo 3 de la CE, como declaró la sentencia de esta Sala de 17 de abril de 1996, no es expresión de ningún derecho fundamental, pues sólo lo son los recogidos en los artículos 14 a 28 inclusive de la CE, de modo que la pretendida tutela del derecho del uso del castellano no es materia que concierna a los derechos fundamentales, ni que, de por sí, y aisladamente considerado, sea susceptible de constituir el objeto del especial proceso dedicado a la tutela de los mismos»*.

Invoca tamén o Tribunal nesta sentenza a xurisprudencia do Tribunal Constitucional en relación co non recoñecemento dun dereito aos pais de elección da lingua na que se cursan os estudos polos seus fillos. Todo iso leva á desestimación do recurso.

Están aínda pendentes, cando menos, dous recursos xurisdiccionais contencioso-administrativos ordinarios dun particular e da Asociación Galicia-Bilingüe contra o Decreto. No primeiro deles foi denegada a medida cautelar solicitada de paralización de aplicación do Decreto ao entender o Tribunal que non se producen prexuízos irreparables e que os argumentos expostos polos demandantes para solicitar a medida implicarían entrar no fondo do asunto, o que procesualmente non procedería.

As axudas públicas: o condicionado lingüístico en diversos ámbitos sectoriais

No segundo semestre do 2007 hai que dar conta dun pequeno grupo de convocatorias de axudas públicas que incorporan o condicionado lingüístico en actividades sectoriais diversas e, fundamentalmente, nas áreas de goberno xestionadas polos nacionalistas.

Así a Orde do 18 de xuño de 2007 pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais(DOG do 3 de xullo)<sup>11</sup> establece no seu artigo 14 como unha obriga das entidades beneficiarias o cumprimento do Plan de Normalización da Lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia en 2004.

«Artigo 14º. Obrigas das entidades beneficiarias.

As corporacións locais beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 78.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, coa excepción do cumprimento da obriga a que se refire o artigo 78.4º.c) de acordo co disposto no artigo 41 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, e, ademais, especificamente a:

1. O cumprimento dos obxectivos específicos establecidos para a educación infantil 0-3 no Plan xeral de normalización da lingua galega.»

Tamén a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para o desenvolvemento e produción de contidos dixitais interactivos en lingua galega (DOG de 30 de xullo)<sup>12</sup> achega como un criterio de valoración para a concesión o uso da lingua galega nestes produtos dixitais.

«Artigo 8º. Criterios de valoración.

A proposta de resolución elaborárase tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) A calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto: 20 puntos.
- b) O grao de innovación tecnolóxica e singularidade do proxecto: 10 puntos.
- c) A contribución ao desenvolvemento de contidos dixitais relacionados coa lingua e cultura galega: 10 puntos (.../...)»

Cunha técnica menos condicionante e puramente orientadora a Orde do 21 de setembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, da Consellería do

11. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/233C6?OpenDocument>.

12. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/2AF96?OpenDocument>.

Medio Rural, e se convocan para 2007 (DOG 25 de setembro) aconsella a utilización do galego na entrega de documentación.

«Art.9.5. De acordo co previsto no artigo 5.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, na documentación presentada para optar ás axudas reguladas por esta orde empregárase de xeito preferente a lingua galega.»

Tamén no ámbito do apoio á investigación científica e técnica se introduce un condicionado lingüístico mediante a sinatura dun compromiso de utilización da lingua galega nas relacións coa Administración que obtén unha pequena puntuación no baremo. A Orde do 3 de agosto de 2007 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Incite (2006-2010) para o ano 2007, e se procede á súa convocatoria. (DOG de 14 de agosto) establece:

«Art.2.d. Declaración opcional do interesado do compromiso de utilizar a lingua galega en todas as relacións que, como consecuencia deste procedemento, mantéña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.»

Ten, igualmente, unha certa relevancia a inclusión do uso do galego en actividades docentes e/ou investigadoras como un mérito avaliable separadamente para a obtención de complementos retributivos para o persoal docente das universidades galegas na súa última convocatoria. Esta incorporación efectúa a Resolución do 3 de setembro de 2007 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa ás retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para a presentación de solicitudes da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (DOG de 17 de setembro).

### As axudas para o uso e promoción do galego

Xa no terreo das axudas para a promoción do uso do galego na súa forma clásica debemos dar conta dun reducido número de convocatorias no campo do ensino.

Curiosamente a Orde do 5 de outubro de 2007 pola que se convocan axudas para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en centros privados concertados da Comunidade

Autónoma de Galicia (DOG de 11 de outubro)<sup>13</sup> diríxese exclusivamente ao ensino concertado —un ámbito no que se ten detectado un nivel elevado de incumprimento da lexislación lingüística. O obxecto desta orde é convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a centros educativos privados sostidos con fondos públicos, da Comunidade Autónoma de Galicia, para implantar accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil para o curso 2007-2008.

Segundo establece a orde «Con esta iniciativa preténdese garantir os dereitos lingüísticos do alumnado galegofalante e darlle resposta á petición das familias de que os seus fillos e fillas reciban o ensino en lingua galega sendo o idioma materno maioritario no contorno do centro o castelán». Esta formulación resulta sorprendente por canto os dereitos dos alumnos galegofalantes están garantidos na normativa aprobada en xuño dese mesmo ano e os requisitos que se establecen para acceder á axuda parecen contradecir a plena aplicación do Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo xa que se fixa que:

- «O requisito para poder optar a estas axudas será:
- Que se imparta ensino en lingua galega na educación infantil.
- Que se presente un proxecto de actuacións que potencien o ensino en lingua galega.»

Tendo en conta que o artigo 7º do Decreto<sup>14</sup> establecía unha obriga de que nos contornos castelán falantes o uso do galego fora, cando menos igual ao do castelán, parece innecesario que se fixe como requisito «que se imparta ensino en lingua galega en educación infantil» cando esta circunstancia debería ser o punto de partida común.

Tamén no ámbito do ensino publicouse a Resolución do 19 de novembro de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros

13. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/3E052?OpenDocument>.

14. Art. 7.1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado.

de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2007-2008 (DOG de 23 de novembro).<sup>15</sup>

A mesma Secretaría Xeral de Política Lingüística convocou unha serie de lectorados para a promoción da lingua galega en universidades de fóra de Galicia mediante a Resolución do 9 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se aproba a convocatoria de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades de España e do estranxeiro (DOG de 18 de xullo). Galicia conta cuns trinta lectores de lingua galega en institucións universitarias.

Esta convocatoria únese a outras de cursos de formación xeral e habilitación ou capacitación, para docentes e outros colectivos que entran dentro das competencias deste órgano. Nesta liña hai que sinalar a Orde do 11 de outubro de 2007 pola que se convocan as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada do galego para outras linguas, e viceversa (DOG de 30 de outubro).

Pola vía da celebración de convenios de colaboración a Secretaría Xeral de Política Lingüística subscribiu unha longa lista de convenios con asociación e entidades para promover o uso do galego. En cumprimento do previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, cuatrimestralmente son obxecto de publicación no *Diario Oficial*. No DOG correspondente ao 10 de outubro faise pública a listaxe do segundo cuatrimestre do ano. O elevado número de empresas do ámbito da comunicación e a, tamén, alta contía dalgún dos convenios (ata 150000 euros en varios casos) contrasta co insignificante uso do galego que fan os medios de comunicación receptores destas axudas directas.

---

15. <http://www.xunta.es/Dog/Dog2007.nsf/FichaContenido/4824E?OpenDocument>.